



Letras, riscos e pensamentos

CASZELAO

Un espectáculo teatral, cómico, poético e musical

limiar teatro





O espectáculo

A Lingua na boca, letras riscos e pensamentos de CASTELAO é un espectáculo cómico, poético e musical sobre a figura do polifacético Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Un espectáculo sobre o home, sobre o debuxante, sobre o médico, sobre o político, sobre o escritor. Un espectáculo sobre Galicia e a súa lingua a través dunha achega contemporánea á obra de Castelao. Dicía Castelao: “Se aínda somos galegos é por obra e grazia da lingua”. A lingua como xeito de entender e coñecer o mundo, a lingua como elemento de unión nun relato cultural compartido. Castelao é unha das principais figuras da historia da Galiza, porén, non é pasado, é presente e futuro. Dende esa premisa construímos un espectáculo que serve de homenaxe e de reflexión compartida sobre o seu legado, pois Castelao está máis de actualidade que nunca.

O espectáculo

A Lingua na boca é un espectáculo multidisciplinar que integra música en directo, teatro, manipulación de obxectos e narración oral para xogar coa lingua.

Un espectáculo modular adaptable a público de secundaria con contidos específicos para cada etapa formativa.

Limiar teatro apostase por traballos nos que a interacción co público e a componente pedagóxica constitúen dous eixos fundamentais.

A lingua na boca é unha proposta que pode ser representada tanto en teatros ou pequenos auditorios como en espazos alternativos dentro dos propios centros educativos para así chegar ao maior número de persoas.







A música e o espazo sonoro

Durante o espectáculo interpretaranse temas e melodías tradicionais galegos actualizados xogando coas posibilidades creativas que achega unha *loop station* e interpretados con guitarra, contrabaixo, melódica, e percusión.

A exploración con distorsións, efectos e xogos vocais completan a atmosfera sonora desta homenaxe a Castelao.

O espazo escénico

Un chan verde e dous bancos de taberna completan o espazo escénico do espectáculo. Un espazo de xogo aberto a explorar e construír imaxes poéticas. Un espazo adaptable a aulas, pequenos auditórios, museos, espazos singulares, prazas...



Necesidades técnicas

A compañía dispón de toda a dotación técnica necesaria para a realización do espectáculo polo que soamente será precisa unha toma de corrente de 16A a que ligar os equipos.

En caso de ser representado en teatros ou espazos con necesidades especiais a dotación técnica será pactada coa organización.

O espectáculo adáptase a todo tipo de espazos incluso a espazos onde non é posible facer o escuro cunha versión especial sen iluminación.

A compañía pola súa experiencia previa está especializada en propostas en espazos patrimoniais, singulares e non convencionais polo que é unha oportunidade para articular unha xira por ese tipo de espazos poñendoos en valor.



Limiar teatro

A compañía

Limiar teatro é unha compañía galega creada en 2009 a cabalo entre Vigo e Viana do Castelo. Con máis de 300 representacións en España, Francia, Portugal, Bolivia, Uruguai, Arxentina e Brasil dende entón, os seus espectáculos caracterízanse pola integración de diferentes disciplinas artísticas (teatro, danza, música, teatro de obxectos, cociña ou artes plásticas). Do mesmo xeito, Limiar teatro ten un especial interese pola lusofonía, a internacionalización da cultura e a integración das artes escénicas na comunidade.

Dende 2013 a compañía é a encargada da coordinación do *Festival de Teatro Lusófono de Galicia “Ponte na Escena”*, proba dese compromiso coa lingua e a lusofonía.







Outros traballos e referencias

2009 - Os 4 da Xunqueira (Limiar Teatro, Centro Dramático Galego e MAO-Portugal)- Estrea en Ponte de Lima (Portugal).

2010 - Verbum Fahrenheit (Limiar Teatro e Verbum Casa das Palabras)- Estrea en Vigo con xira en Galicia, Brasil e Portugal.

Teaser <https://www.youtube.com/watch?v=-6UlQmcj90Q>

2011 - Don Quixote - Estrea en Alaejos (Salamanca) con xira en Galicia, Portugal, España, Brasil e Francia.

Teaser: <https://www.youtube.com/watch?v=U5LcDY2Lyoo>

2013 - Mateo 16,18 (Limiar teatro e Teatro del Hereje)- Estrea en Medina de Rioseco (Espectáculo comunitario).

Teaser: <https://www.youtube.com/watch?v=U0mJMvRASEE>

2014 - Teresa (Limiar Teatro e Teatro del Hereje)- Estrea en Medina del Campo (Espectáculo comunitario).

2014 - Pangeia (Limiar Teatro, Centro Dramático Galego, Acaso Danza-Brasil, APACEPE-Brasil, Janeiro de Grandes Espectáculos-Brasil e CC Malaposta-Portugal) - Estrea en Lisboa con xira en Galicia, Brasil e Portugal.

Teaser <https://www.youtube.com/watch?v=yZst0rPEM5U>



Outros traballos e referencias

2016 - O Conto da Azuzaina (Limiar Teatro , Crémilo e EsteOeste)- Estrea en Compostela no Festival Galicia Escena Pro (Espectáculo familiar).

<https://www.youtube.com/watch?v=NBOvs8Sw23M&t=2s>

2016 - Soutomaior (Limiar Teatro e Turismo Rías Baixas). Intervención en patrimonio con espectáculo itinerante no Castelo de Soutomaior.

https://www.youtube.com/watch?v=ABciDf_BZEg

2017 - Tecendo Pontes (Limiar teatro e CSIC). Espectáculo para a Gala Inspiraciencia en A Coruña organizada polo CSIC Cataluña.

https://www.youtube.com/watch?v=WjlvY_SD38Q

2017 - A lingua de Contrabando (Limiar teatro e Festival da Poesía do Condado e Festival Barosa Líquida). Espectáculo estreado no Festival da Poesía do Condado.

<https://www.youtube.com/watch?v=tdrvWmUsm5s>

2018 - Anagnórise (Limiar teatro e Editorial Galaxia). Pendente de estrea. Espectáculo sobre a obra de María Victoria Moreno.





Premios, festivais e mencións

Os 4 da Xunqueira: Mostra de Nadal do Salón Teatro.

Verbum Fahrenheit: Festival Lusófono de Galicia, Festival Internacional de Alfenas (BH - Brasil), Festival Internacional de Riberirao Preto (SP-Brasil), Semána de Cénicas de Recife (PE - Brasil).

Don Quixote: Festival Localidades Agotadas (Oviedo), Festival Internacional de Teatro do Alentejo (Portugal) Festival Internacional de Franco da Rocha (Brasil), Festival Escena Cervantes de Madrid, Festival Escena Cervantina Miriñaque de Santander, MOTI de Ourense, Festival Galicia Escena Pro.

Mateo 16,18: [Premio “Dia de la Constitución”](#).

Pangeia: Festival Janeiro de Grandes Espectáculos (PE - Brasil); Bienal de Culturas Lusófonas (Lisboa), Festival Essencia - Cuarta Pared (Madrid), MITEU Ourense ([Premio Suso Díaz](#)).



Premios, festivais e mencións A lingua na boca

- Festival Cómico Festivo de Cangas (Cangas)
- Festival no mar unha flor (Vilagarcía)
- Festival de Poesía do Condado (Salvaterra do Miño)

- 64 Funcións repartidas por todos os concellos da provincia de Pontevedra



Equipo

Dramaturxia, dirección e espazo
escénico

Fran Núñez

Axudantía de dirección

Nuria Gullón e Jose Carlos
Illanes

Axudantía dramatúrxica

Manuel Polo

Espazo sonoro, composición
musical e arranxos

Brais Iriarte

Axudantía espazo sonoro

Coco Castro

Axudantía composición musical

Hugo Rodríguez Castro

Intérpretes

Brais Iriarte e Fran Núñez







Brais Iriarte

Brais Iriarte é actor, músico multinstrumentista e cantante con formación en Galicia e Portugal. Ten traballado en diversos proxectos teatrais como “Hibris” (Coprodución Galego-portuguesa) e colaborado con proxectos musicais como Stay Cool, E-Jazz Band ou Dr. Ruído. Participou tamén, durante dúas tempadas, como baixista e vocalista no programa da Televisión de Galicia “Heicho cantar queridiña”.

Na actualidade é alumno da Esad de Galicia continúa a súa formación musical e teatral especializándose en contrabaixo.







Fran Núñez

Fran Núñez é Titulado Superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia e Mestrado en Ciencias do Espectáculo pola Universidade do País Vasco. Ten traballado en diversas compañías en España, Francia, Italia, Brasil e Portugal entre as que destacan: The Ship of Fools, Teatro de la Zarzuela, Orquesta Sinfónica de Galicia, Centro Dramático Galego, Matarile, Goliardos ou Teatro Español de Madrid.







Producción
Fran Núñez
645444836
limiarteatro@gmail.com
www.limiarteatro.com

limiar